

Celso Emilio Ferreiro e Carlos Drummond de Andrade: un encontro inesperado

JULIANA GOMES

Universidade Federal da Bahia

*No meio do caminho tinha uma pedra
tinha uma pedra no meio do caminho
tinha uma pedra
no meio do caminho tinha uma pedra.*

CARLOS DRUMMOND DE ANDRADE

*O teito é de pedra.
De pedra son os muros
i as tebras.
De pedra o chan
i as reixas.
As portas,
as cadeas,
o aire,
as fenestras,
as olladas,
son de pedra.
Os corazós dos homes
que ao lonxe espreitan,
feitos están
tamén
de pedra.
I eu, morrendo
nesta longa noite
de pedra.*

LONGA NOITE DE PEDRA, DE CELSO EMILIO FERREIRO

Tras a lectura arrebatadora e inquieta do libro *Longa Noite de Pedra* (1962), do poeta galego Celso Emilio Ferreiro (no sucesivo, CEF), e ante a sorprendente presenza neste do refrán poético máis coñecido no Brasil, como é «No meio do Caminho», de Carlos Drummond de Andrade (no sucesivo, CDA), podemos observar as relacións intertextuais importantísimas que unen a perspectiva destes dous autores.

No poemario antes mencionado, CEF utiliza o símbolo da pedra para crear a fascinante e sufrible metáfora da *longa noite de pedra* coa que se deu a coñecer en España o período da ditadura franquista. Cómpre resaltar que o emprego do poema drummondiano como símbolo político foi algo innovador, xa que no Brasil a crítica da época non o asociou a esta cuestión. Deste xeito podemos afirmar que Celso Emilio Ferreiro emprendeu un ollar de lector comprometido coa obra drummondiana á vez que concedeu un novo significado á poesía máis famosa do noso poeta, «No meio do Caminho», e alén diso, tamén observamos que existen relacións intertextuais en *Longa Noite de Pedra* que nos permiten identificar pensamentos, poesías e símbolos drummondianos no libro máis coñecido do poeta galego.

Dicir que Ferreiro emprendeu un ollar innovador sobre o citado poema drummondiano pode parecer un pouco apaixonado, mais contamos aquí co estudo dun conxunto de críticas reunidas e dirixidas ao poema da pedra, organizado polo propio Drummond¹, no que podemos percibir que a crítica da época o asociou simplemente á cuestión cotiá, trivial, ao marasmo existencial sentido polo poeta, ou mesmo, segundo o crítico Arnaldo Saraiva, á cuestión da náusea como única saída para os homes da época, vexamos a continuación a contextualización de Saraiva:

[...] num mundo já todo descoberto e marcado pelo triunfo do racionalismo e pela revolução industrial não faria sentido, ou faria menos sentido, imaginar, como o fez Dante, o homem perdido numa «selva escura» (Nel mezzo del cammin di nostra vita...) (14), também não faria sentido, ou faria menos sentido, imaginar o homem eufórico, solene, expansivo, poucos anos depois de se ter visto intrometido noutra ainda mais estúpida. Os tempos eram favoráveis àquilo que uma corrente filosófico-literária, produto deles, viria a consagrar como náusea.

«No meio do Caminho» fala justamente dessa náusea que, através do símbolo da pedra no meio do caminho, se decompõe no sentimento de incapacidade e fragilidade [...]. P. 10

¹ *Uma pedra no meio do caminho.*

O crítico cita unha conversa con Drummond sobre o poema para comprobar a súa afirmación:

Mas é mesmo chateação o que estaba sentindo. Quería dar a sensación de monotonia, não sentiu esta sensação?² P. 10

O propio Saraiva afirma, no fragmento que se mostra a continuación, que a crítica viu todo o que quería ver no poema, e aproveita para enumerar algunhas características, con todo, o aspecto que destacamos non foi apuntado polo autor, como podemos observar:

[...]os críticos falaram, a propósito do poema, em calhaus, pedrinhas, pedregulhos, pedras; falaram em incapacidade, fragilidade, cansaço, chateação, desalento, desânimo, obstáculo invencível, etc., quando o poema só nos diz, de certeza certa, que o poeta não esquecerá o acontecimento que foi uma pedra no (seu?) caminho e que as suas retinas estão «tão fatigadas». P. 14

Este mesmo crítico conclúe:

Quer dizer: o poema de Drummond sugeriu (através dos símbolos e da repetição, sobretudo) muito mais do que disse. P. 14

Así, acreditando que Celso Emilio dota dunha nova perspectiva ao poema drummondiano e que o poeta galego se somerxe na súa literatura ata o punto de impregnarse dela, suxírense algúns temas de contacto entre os libros *Longa Noite de Pedra*, punto de partida deste estudo, e *A Rosa do Povo*, de CDA. A presenza deste libro de Drummond xustifícase polo seu carácter social, en sintonía coa temática ferreireana do libro en cuestión.

Entre as aproximacións máis importantes na literatura destes autores atópase a reflexión sobre o estar-no-mundo. Tanto CDA como CEF presentan nos seus libros mencionados unha gran preocupación polo mundo e polo lugar que ocupaban nel. Desta forma podemos delinear algúns matices entre os dous autores, como o modo de ollar de cada un deles e de reflexionar sobre a preocupación polo estar-no-mundo. Este punto é importante para podermos construír unha visión articulada entre dous

² Cita de Drummond en Amélia Carmem Machado: «Conversa com Carlos Drummond de Andrade», *Diário de Minas*, Belo Horizonte, 14-11-1954.

momentos históricos distintos pero que gardan moito parecido. Dúas culturas irmás e dúas literaturas que, senón paralelas, se entrecruzan nalgúns momentos.

Drummond e Celso Emilio, ademais de reflexionaren sobre o contexto histórico-social no que se atopaban, reflexionan tamén sobre a súa propia posición neste contexto. Isto nos remite á preocupación por unha arte relacionada co social, que servise para reflectir as *dores do mundo* e, a través desta reflexión, soluciónalas, ou cando menos, concienciarse delas. Neste caso, os dous poetas víanse como artífices, seres responsables do mundo, e posuían como instrumento de acción a poesía.

Os poetas utilizaron a metalinguaxe como resposta a un Mundo que, como expresaba Drummond, era caduco, nunha obvia alusión á falta de compromiso do «mundo» que o rodeaba co «Mundo Grande» que sufría, por exemplo, coa Segunda Guerra Mundial.

En Ferreiro, o ton profesoral é asumido en favor desta preocupación co social, por oposición a unha estética alienada, como podemos comprobar coa lectura da epígrafe do libro, unha cita de Manuel Bandeira, un dos máis importantes modernistas brasileiros, que expresa: «Não quero mais saber do lirismo/ que não é libertação». E tamén coa lectura do poema «A poesía é verdade» no que o poeta tamén considera a poesía como o seu instrumento de loita contra as dores do mundo. Ademais, CEF defende nela o compromiso poético, porque pensa que a verdade dun tempo está na poesía, ou sexa, poesía como forma de compromiso co social, coma testemuño da realidade. Igual que en Drummond, Celso Emilio expresa metalingüísticamente no seu poema o que busca na poesía, e comprendemos por tanto, que o seu facer-poético está inspirado nesta ideoloxía.

Outro punto de aproximación que observamos é o respecto ao escenario poético, explícito tanto en *A Rosa do Povo* como en *Longa Noite de Pedra*. Un escenario no que percibimos imaxes de guerra, un escenario duro, cruel e, moitas veces, macabro, que denota un sentimento de opresión. Esta sensación coincide co sentimento do individuo preso nun contexto de censura da súa liberdade de expresión, de pensamento e de ideoloxía.

O ollar destes autores sobre os homes deste período revela:

- CEF séntese rodeado de homes feitos de pedra que non expresan ningún tipo de preocupación polo social. No libro estudado, o poeta aparece como un ser illado no medio dunha cuestión existencial, claramente influenciada por datos biográficos, como a participación na Guerra civil, por exemplo. Deste modo, percíbese que o autor séntese moi só na súa tarefa solidaria de ser a voz dos oprimidos. Para el os homes son necesarios para xerar a revolución («Irmaus»), mais ao mesmo tempo, o autor asume un Eu en oposición a un Nós, que nos permite cuestionar ata que punto estes homes serían

capaces de actuar, e ademais, onde están estes homes, xa que o poeta se mostra tan só nesta loita en favor dos oprimidos.

- CDA, á súa vez, distánciase lixeiramente de Celso Emilio nesta reflexión sobre os homes. Se en Ferreiro o Eu-poético é un ser illado neste Mundo Partido, se soamente el ten conciencia deste, en Drummond móstrase un cambio significativo: o poeta expresa a súa conciencia sobre o contexto no que se enmarca, pero tampouco exclúe aos homes desta toma de conciencia nin do sufrimento ocasionado por esta. Se ben atopamos poesías importantes no libro nas que emprega o Eu consciente, por outra banda, existen poesías que expresan o sentimento do poeta integrado na sociedade.

Ante a constatación deste mundo partido, poderíamos cuestionarnos sobre o que facer, como reaccionar ou que dirección seguir, sendo o Eu un poeta participante, comprometido coa súa arte e co seu pobo, co seu tempo.

Para o galego Celso Emilio Ferreiro, queda pouco que facer. Nas súas poesías revélase unha actitude de consternación a partir da cal percibimos que para o Eu-poético as cousas xa non teñen xeito³, e a única opción que lle queda como intelectual é ser a voz dos oprimidos, aínda que iso non signifique un cambio efectivo para o Mundo. O autor utiliza imaxes de letarxia para representar esa constatación de que non queda nada máis por facer, só esperar. A que? Podemos preguntarnos, sen dar con ningunha resposta⁴.

Para Carlos Drummond de Andrade, a loita contra o mundo caduco é dura, pero vale a pena. O poeta ve con certa esperanza este mundo partido e loitar coas palabras é a súa arma.

Para os dous autores, o compromiso co social a través da poesía, do emprego do verbo é a resposta, é a loita admirable que eles, intelectuais do seu tempo, teñen que incorporar. Drummond presenta unha voz máis revolucionaria, ata o punto de ser máis agresiva: unha voz que cre no seu papel e na vitoria do social, do comunismo sobre o capitalismo, do fin da Guerra, do mundo onde todos poidan ver respectados os seus dereitos. As súas poesías reclaman ao poeta a responsabilidade da loita contra o sistema, e neste sentido destaca o poeta como ser (único?) capaz de enxergar e actuar contra as atrocidades deste Mundo⁵.

³ Referencia á poesía «Romance Pesimista de fin de ano» (1962, p.92).

⁴ Vide as poesías de *Longa Noite de Pedra*: «Monólogo do vello traballador» / «Romance pesimista de fin de ano» / «Credo» / «O meu reinado».

⁵ Vide poesías do libro *A Rosa do Povo*: «Idade Madura» / «Nosso Tempo».

Podemos dicir que Drummond presenta neste libro unha visión esperanzadora do futuro. Nel, o poeta opón imaxes de claro e escuro que se traducen nun xogo de ideas: esperanza/cambio versus negación, que se corresponde coa visión que o poeta ten do momento ao que pertence; para figurar esta idea, Drummond utiliza a imaxe da noite, do escuro, afirmando inclusive que dentro del é noite. Referímonos aquí principalmente ao poema «Passagem da Noite», no que o poeta amplía o círculo de acción para afirmar: «sinto que nós somos noite»⁶. Esta poesía é importante, porque nela se sobrepoñen as dúas imaxes citadas anteriormente: o paso dun período escuro no presente a un futuro de claridade. Outra imaxe importante que denota a esperanza en *A Rosa do Povo* é a da flor que rompe o asfalto, presente nas poesías «A flor e a náusea», «Áporo, Anúncio da Rosa», á que se fai referencia mesmo no nome do libro, *A Rosa do Povo*. A flor que a pesar do aspecto feo e fráxil ten a forza suficiente para romper a escuridade, o asfalto, o medo... todo.

En Celso Emilio Ferreiro identificamos tamén o xogo escuro-claro: presente-escuro versus futuro-claridade e un dato importante, un ollar para un pasado idealizado, que o distancia, en particular, do Drummond de *A Rosa do Povo*. Ferreiro oscila no que escribe sobre este tópico, dalgunha maneira é como se o poeta soubese que non posúe a esperanza necesaria para aquel momento, pero ao ter conciencia disto, búsca por necesidade. Estas cuestións existenciais do poeta reflíctense na súa maneira de ver e de buscar o tempo, o autor ten a clara visión da escuridade do seu presente, sen liberdade. O pasado é algo que esperta no Eu-poético todas as ilusións (poema «Hórreo») da súa patria, da súa xuventude roubada pola experiencia da Guerra e o futuro, unha incógnita que tenta superar, porque sabe que só hai unha maneira de mudar o que ve: ter a esperanza do cambio do contexto no que vive, a través da unión dos homes.

Aínda co interese na visión de futuro deste poeta, citemos a poesía «Soldado», de gran importancia dentro do contexto do libro, porque reconstrúe o escenario de guerra, co protagonismo do soldado –lembremos que CEF foi soldado na Guerra Civil española–, e o feito é que ao describir o escenario dos horrores dunha batalla na que o soldado cae morto, salta á vista unha relación intertextual que remite a un dos símbolos drummondianos que denota a esperanza ante o mundo partido, o símbolo da flor que brota da adversidade. Referímonos aquí á frase «Na inmensa soedá nasceron nardos». Esta frase vén acompañada do xogo escuro-claro dos versos «O silencio da noite estrelecida/ Era un longuíssimo camiño branco», nunha referencia, como xa se dixo anteriormente, á relación conciencia-esperanza que recoñecemos tamén en *A Rosa do Povo*.

⁶ «Passagem da Noite» (*A Rosa do Povo*).

Así, tendo en conta os tópicos abordados neste traballo, concluímos que os dous autores comparten un ideario de gran similitude, os dous vense como seres destacados no social e asumen para si a responsabilidade de sandar as dores deste mundo que, a través do ollar de cada un deles, percibimos que está en conflito, nun caos social. Cómpre resaltar que as relacións entre CDA e CEF son numerosas e non se trataron na súa totalidade, polo que tampouco se abordou a problemática da infancia e da imaxe da cidade, por exemplo, que vincula aínda máis a obra poética destes dous grandes escritores entre si.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

VV.AA. Boletín Galego de literatura. Homenaxe a Celso Emílio Ferreiro. Universidade de Santiago de Compostela, 1989.

Fonte, Ramiro (1991): *Introdución, notas e comentários en Ferreiro, C.E.* Edicións Xerais de Galicia. Vigo.

Nicolás, Ramón (1992): *Guías de lectura: O soño sulagado de Celso Emílio Ferreiro.* Edicións do Cumio, Vilaboa.

Álvarez R. (org.) (1992): *Estudios dedicados a Celso Emilio Ferreiro/* Coordinado por Rosario Álvarez, organizado polo Departamento de Filoloxía Galega. Santiago de Compostela: Universidade. Servicio de Publicacións e Intercambio Científico, 1992. Obra completa (Tomo I e II).